

COMPOSICIÓN HISTÓRICA

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a evolución política durante o reinado de Isabel II. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, ás distintas etapas do reinado, salientando as diferenzas entre elas; ao papel do exército para acadar o cambio político; e ás principais forzas e partidos políticos que se alternaron no exercicio do goberno.

Doc. 1. Así interpreta un comentarista da época a presenza militar na política (*El pensamiento de la nación*, 1846):

“As queixas contra a preponderancia militar datan xa de moito tempo; hai longos anos que as fraccións liberais se acusan unhas ás outras polos estados de sitio; e unha provincia en estado de sitio é unha provincia entregada ao poder militar. O que en 1834 e 1835 dicían os progresistas contra os moderados, dixeron os moderados contra os progresistas en 1836 e 1837; ata 1840 tocoulles a quenda aos progresistas repetir os mesmos cargos, que logo reproduciron os moderados ata 1843; desde o pronunciamento de xuño do mesmo ano, quéixanse outra vez os progresistas. Se algún día os moderados sucumben, é probable que os progresistas lles ofrecerán abundantes motivos para a terceira edición de idénticas reclamacións. O nome das persoas e dos homes non significa nada: o feito é o mesmo.

Desde a morte de Fernando VII a preponderancia estivo no poder militar (...); as Cortes e os ministerios non puideron facer nada contra a forza das armas”.

Doc. 2. Manifesto de Manzanares (6 de xullo de 1854):

“Nós queremos a conservación do Trono, pero sen a camarilla que o deshonra; queremos a práctica rigorosa das leis fundamentais, mellorándoas, sobre todo a Electoral e a de Imprenta; queremos a rebaixa dos impostos, fundada nunha estrita economía; queremos que se respeten nos empregos militares e civís a antigüidade e os merecementos; queremos arrincar os pobos á centralización que os devora, dándolles a independencia local necesaria para que conserven e aumenten os seus intereses propios; e, como garantía de todo isto, queremos plantexarnos a Milicia Nacional. Tales son os nosos intentos (...). As Cortes xerais que logo se reúnan, a mesma nación, en fin, fixará as bases definitivas da rexeneración liberal a que aspiramos”.

Doc. 3. Proclama dos xenerais sublevados en Cádiz en 1868:

“Españóis: A cidade de Cádiz posta en armas con toda a súa provincia (...) nega a súa obediencia ao goberno que reside en Madrid, segura de que é leal intérprete dos seus cidadáns (...) e resolta a non depoñer as armas ata que a Nación recobre a súa soberanía, manifeste a súa vontade e se cumpra (...). Corrompido o sufraxio pola ameaza e o soborno, morto o Municipio, pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade, tiranizado o ensino, muda a prensa (...); tal é a España de hoxe.

Españóis, quen a aborrece tanto que non se atreva a exclamar: Así ha de ser sempre? (...). Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os cimentos da nosa rexeneración social e política (...).

Españois, acudide todos ás armas (...), non co impulso do encono, sempre funesto, non coa furia da ira, senón coa solemne e poderosa serenidade con que a xustiza empuña a súa espada. Viva España con honra!”.